

**-Á marxe da relación do autor con Galicia, cal foi o criterio de selección dos textos que decidiu incluír Vde. no seu libro?**

-Que se ocupasen de Galicia, como dis, foi o principal criterio para a procura e selección. Así foi a idea do editor, Henrique Alvarellos, quen me pediu facerme cargo da edición literaria de *Retorno a Iria Flavia*. Pola lóxica da extensión, quedaron fóra as novelas da triloxía galega: *Mazurca para dos mortos* (1983), *La cruz de San Andrés* (1994) e *Madera de boj* (1998). Tamén se prescindiu dun dos máis engaiolantes libros de Cela, as memorias infantís de *La rosa*. Do libro de viaxes polo noroeste, *Del Miño al Bidasoa* (1952) reproducíase o segundo capítulo. Así que a maior parte son artigos, conferencias e ensaios, seleccionados polo interese do contido, a vixencia do tema e a calidade literaria. Coido que moitos destes textos seguen a ser unha descuberta para o lector que se achega a un libro que, desde 2008, viu medrar o seu atractivo.

**-Chama a atención, entre outros, o capítulo "Crítica a la pintura de Isaac Díaz Pardo" publicado en 1948. Que relación mantiña Cela e Díaz Pardo?**

-Foron grandes amigos. A inicial recensión crítica, que Isaac lle agradece persoalmente, abriu as portas a tal amizade. Cela era leal e xeneroso cos amigos, que o sacaban do seu mundo desmasiado egocéntrico. Isaac Díaz Pardo, que o admiraba como escritor, mantivo esa relación ata o final e forneceu de pezas especialmente encargadas por Cela, como unha cerámica-camisetita para pedir o Nobel en 1977. A finais dese ano, Díaz Pardo fai de Cela un dos accionistas-membros fundadores do Instituto Galego de Información. É abondo simplista imaxinar eses bandos irreconciliables que na realidade nunca existiron. Por riba de todo estaba a arte e a defensa do país.

**-E, por extensión, que relación mantiña CJC coa intelectualidade galega exiliada?**

-Cos exiliados empeñouse en manter estreitas relacións, seguindo a antiga idea dos falanxistas de El Escorial, con Dionisio Roldán á cabeza. E xa nos anos 60, apoiándose na dobre estratexia de Fraga: recuperación de intelectuais que levaban anos exiliados e querían volver, en vista de que o tempo avanzaba e Franco ameazaba con morrer na cama. E, asemade, operación de acollemento para contradicir as campañas internacionais contra a ditadura española. Cela, pola súa banda, tiña razóns persoais de peso, pois a súa formación como escritor iniciárase antes da guerra na casa de María Zambrano. Sentíase en débeda cos que lle botaron daquela unha man. Entre os galegos, Silvio Santiago, Ernesto Guerra da Cal, Xesús Bal y Gay, Xosé Landeira Yrago son os que están máis cerca del. A maior parte deles colaboran na revista celiána *Papeles de Son Armadans* (1956-1979) e atópanse na órbita dos exiliados cos que mantiña CJC máis contacto: Emilio Prados, Corpus Barga ou Américo Castro.

**-Un dos feitos que este libro confirma é a simpatía, personal e literaria, de Cela por varios escritores que, a mediados do século pasado, escribían en galego. Por que, entón, cundiu a lenda negra dun Cela que, cando pouco, non quería saber nada da cultura galega que non fose o mero folklorismo?**

-Esa lenda, que eu non coñecía, está moi afastada da realidade. De existir, revela ignorancia por falta de lecturas celiánas. A súa concepción de Galicia era complexa, como corresponde a un artista tamén complexo. Ten que ver co peso da infancia, a ligazón cos antepasados, a autoconsideración como emigrante e o desexo de volver, aínda que sexa morto. Varias veces no libro alude o propio Cela ao desprezo cara á visión folclórica de Galicia: "La Galicia enxebre y de vacas mareas y cornalonas me da el mismo asco

que la España de pandereta", dille precisamente a Isaac Díaz Pardo. En canto ao seu interese pola literatura galega, este nace pola devoción cara a Rosalía de Castro. Estaba moi orgulloso da amizade da súa bisavoa María Bertorini coa poeta de Padrón. É a esta Bertorini, "nativa do país de Gales", a quen Rosalía dedica o poema á tumba de Sir John Moore, gravado en pedra no Xardín de San Carlos da Coruña. Tamén se ve ligado a Antonio Noriega Varela, grande amigo do pai. Os irmáns Álvarez Blázquez, amigos da nenez, vai recuperalos a través de Francisco Fernández del Riego. Vai ser este último, xunto con Celso Emilio Ferreiro, os que lle farán de enlace con Galicia nos anos en que publica os poetas galegos na revista mallorquina *Papeles de Son Armadans*.

**-Como se demostra neste libro, Cela tamén escribiu moito na prensa. Estaba, da-**

**quela, convencido de que se podía facer boa literatura nos xornais ou consideraba que esa literatura era de "segunda clase"?**

-Literatura, para Cela, era sinónimo de escritura. Non importaba o xénero nin o medio de expresión. Cela era nisto, como en toda a súa produción, un vangardista que creaba mesturando ou rebentando os xéneros. O xornal foi o seu medio desde o comezo como escritor, e seica haxa unha conexión forte entre o xornal e o estilo fragmentado que caracteriza a súa narrativa.

**-Na carta que envía a Ramón Otero Pedrayo en 1953, CJC amosa unha gran preocupación por que a edición galega de *La familia de Pascual Duarte* saia o mellor posible. Ata o punto de que confesa que chegou un intre en que considera que esa tradución a faga Vicente Risco mellor ca el mesmo. Tan autoesixente e, ao tempo, humilde era**

**o futuro Nobel?**

-O seu carácter soberbio facíao ser humilde cos que consideraba superiores, e dos que quería alcanzar algo, aparte de que sempre tivo a Ramón Otero Pedrayo por mestre, e así o deixou escrito no libro homenaxe que os galegos de Caracas lle editaron en 1958 ao patriarca ourensán. Cela quería ver traducida ao galego a súa primeira novela, da que xa existían versións en múltiples linguas. Pero non dominaba o galego suficientemente. Decide, daquela, pedirlle a Vicente Risco que a traduza e a Otero Pedrayo que a prologue. É dicir, acode aos nomes máis importantes da cultura galega nese momento, finais de 1952. E consegue, coa axuda de Paco del Riego, editar o libro con suscripcións e nos talleres de FARO DE VIGO en 1962. Tardou, iso si, dez anos. A Galaxia nese momento non lle interesaba que entrase no repertorio galego



A profesora Olivia Rodríguez González.

FOTO: CARLOS PARDELLAS

Olivia Rodríguez - RESPONSABLE DE EDICIÓN DE "RETORNO A IRIA FLAVIA"

## “Cela mantivo estreitas relacións cos intelectuais galegos do exilio”

Profesora de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de A Coruña, Olivia Rodríguez González é a responsable da edición de *Retorno a Iria Flavia*. Obra dispersa e olvidada de Camilo José Cela que Alvarellos Editora vén de reeditar este ano co gallo do centenario do nacemento do Nobel galego. O libro reúne medio cento de textos de CJC relacionados con Galicia.

LOURDES VARELA

traducido unha novela naturalista ou tremendista. Ramón Piñeiro estaba a componden un repertorio distinto, afastado do castelán. E a novela de Cela víase como inxerencia castelá.

**-Por qué cre que nunca escribiu un libro, por pequeniño que fora, en galego?**

-Escribiu poemas en galego, así que non se pode dicir que non o empregase literariamente. Practica tamén a hibridación lingüística galego-castelá, como pode verse neste libro ou nas súas novelas ambientadas en Galicia. Abandonou a poesía canónica, pero non o lirismo nin a narrativa composta con recursos poemáticos, como a reiteración ou a fragmentación. Esa é a clave de *Madera de boj*, por exemplo. Xa dixen que ten unha actitude de vangarda ante os xéneros tradicionais.

**-A estas alturas, o personaxe-Cela aínda segue prevalecendo sobre a inmensa magnitude do Cela escritor e a súa obra literaria?**

-Prevalece a máscara e, como diría Valle Inclán, a *mojiganga*. O mesmo Cela deu pábulo a iso. Pero se prevalece é porque a literatura se está vivindo como espectáculo ou anécdota. Os poucos lectores –as estatísticas están aí– non len a Cela. Non len o Nobel galego. Pero non debe preocupar tal cousa. Supoño que son vaivéns e modas, e o futuro é moi longo.